


NORMATIVA PROVISIONAL **CAMPIONATO GALEGO PREBASE 2020**



DEREITO DE PARTICIPACIÓN:

- a.- Teñen acceso a esta competición todas aquelas ximnastas que no ano 2019 non competiron en competición autonómica ou nacional de nivel federado ou en competición nacional de nivel base.
- b.- Ningunha ximnasta poderá participar por duplicado nos conxuntos, isto é pertencer a dous conxuntos da mesma ou diferente escola/club.
- c.- Ningunha ximnasta que participe en PREBASE poderá participar en Promoción (individual ou conxunto).
- d.- Haberá competición en dúas fases por provincia. Na 1ª Fase obterase unha clasificación e entregaránselle medallas aos 3 primeiros clasificados por categoría, na 2ª Fase obterase unha clasificación que sumará a da primeira fase e obterase a clasificación final provincial, entregaranse medallas e trofeos os 3 primeiros clasificados provinciais.
- e.- Para acceder a Fase final do Cpto. é obrigatoria a inscrición e participación na fase provincial.
- f.- O número de ximnastas mínimo para o conxunto é de catro e o máximo é de oito ximnastas. Isto é, os conxuntos poderán formarse con 4, 5, 6, 7, ou 8 ximnastas.
- g.- Un mesmo club non pode presentar o mesmo exercicio dúas veces, aínda que cambien as ximnastas.
- h.- As ximnastas pertencentes os conxuntos que se clasifiquen nos últimos postos de cada categoría, en función do 30% de cada categoría, e sempre que non acadaran podium poderán optar a competir na tempada seguinte (2021) no Cpto. Galego de Promoción ou seguir en Prebase. *Exemplo: se hai 13 conxuntos en cat. Infantil poderán baixar a Promoción os 4 últimos postos da cat. Infantil.* Tamén poden optar a descender a Promoción en 2021 os conxuntos de Prebase 2020 que só competiron nas fases provinciais pero non na Fase Final.
- i.- Permítese a participación de ata dúas ximnastas dunha categoría inferior nunha superior para formar conxunto sempre e cando sexan ximnastas de ano inmediatamente inferior (primeiro ano na súa categoría). *Exemplo: ata 2 ximnastas (alevíns) de 2010 poderían formar conxunto de categoría infantil.* **¡¡ Nota:** na normativa Nacional de Base Conxuntos esto non está permitido!!

IDADES DAS XIMNASTAS MODALIDADE CONXUNTO

- **Categoría Benxamín:** ximnastas nadas en **2011, 2012 (9 e 8 ANOS)**
- **Categoría Alevín:** ximnastas nadas en **2009, 2010, 2011 (11, 10 e 9 ANOS)**
- **Categoría Infantil:** ximnastas nadas en **2007, 2008, 2009 (13, 12 e 11 ANOS)**
- **Categoría Cadete:** ximnastas nadas en **2005, 2006, 2007 (13, 14 e 15 ANOS)**
- **Categoría Xuvenil:** ximnastas nadas en **2005 e anteriores (15 e mais ANOS)**

DURACIÓN DAS MÚSICAS CONXUNTO

Categoría Benxamín	1,45 – 2,00”
Categoría Alevín	1,45 – 2,00”
Categoría Infantil	2,15 – 2,30”
Categoría Cadete	2,15 – 2,30”
Categoría Xuvenil	2,15 – 2,30”

*****OLLO: OS CLUBES QUE TEÑAN PREVISTO LEVAR CONXUNTOS O NACIONAL DE BASE REVISEN A NORMATIVA NACIONAL 2020.**

ESIXENCIAS TÉCNICAS: EXERCICIOS CONXUNTO

VER NORMATIVA NACIONAL BASE CONXUNTOS 2020 - RFEG

APARATOS:

- **CATEGORÍA BENXAMÍN: CORDAS**
- **CATEGORÍA ALEVÍN: AROS**
- **CATEGORÍA INFANTIL: AROS e CINTAS** (mínimo 50% de cada, menos da metade máis un aro)
- **CATEGORÍA CADETE: PELOTAS e CINTAS** (mínimo 50% de cada, menos da metade máis un pelota)
- **CATEGORÍA XUVENIL: CINTAS e AROS** (mínimo 50% de cada aparato, menos da metade máis un cinta)